



CONCELLO DE ARTEIXO

PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

CENTRO ARTEIXO INNOVACION
RELGA N.º MU 2000 / 141
Avda. Arsenio Iglesias
Polígono de Sabón, parcela 46
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telfs: 981 64 05 72
Fax: 981 64 11 66
Email: emprego@arteixo.org

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN E TRÁMITE DE URXENCIA, PARA A COBERTURA TEMPORAL (PERSONAL LABORAL TEMPORAL) DUNHA PRAZA DO POSTO DE TÉCNICO MEDIO DE INSERCCIÓN/PROSPECCIÓN DE EMPRESAS PARA O PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE ARTEIXO “ARTEIXO INTEGRA 2017-2018”

PRIMEIRA.- OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto da presente convocatoria e a selección e contratación, con carácter de urxencia e de xeito temporal e a xornada parcial (5 horas de luns a venres), de un posto de persoal laboral categoría técnico medio de inserción laboral/prospección de empresas no ámbito do desenvolvemento do programa integrado para o emprego “Arteixo Integra 2017-2018”.

O contrato laboral de carácter temporal terá unha duración prevista dende o 1 de abril de 2018 ata o 30 de novembro de 2018, vinculando a súa duración ao período de desenvolvemento das accións previstas no Programa “Arteixo Integra 2017-2018”, subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante resolución do director xeral de Orientación e Promoción Laboral do 17 de novembro de 2018, Expediente nº: TR332A/2017-17-0, e de conformidade coa Orde de 11 de xullo de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, durante os anos 2017 e 2018.

A xornada de traballo é a tempo parcial de 5 horas ao día de luns a venres, en horario de 9:00 a 14:00 horas. Cando as necesidades do servizo o esixan, o traballo poderá realizarse en xornada partida de mañá e tarde.

En materia de definición, características e réxime retributivo do posto de traballo obxecto de convocatoria, estarase ao establecido aos postos de similar natureza existentes na Relación de Postos de Traballo.

A selección da persoa candidata máis idónea realizarase a través do procedemento de selección de concurso-oposición libre.

A convocatoria e as bases da convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.arteixo.org), e o anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO

Obxecto: Desenvolvemento das accións previstas no programa integrado para o emprego “Arteixo Integra 2017-2018”, subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante resolución do director xeral de Orientación e Promoción Laboral do 17 de novembro de 2018, Expediente nº: TR332A/2017-17-0.

Área de Adscrición: Concellaría de Promoción e Desenvolvemento.

Denominación: Técnico/a de Inserción Laboral- Prospección de empresas.



CONCELLO DE ARTEIXO

PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

CENTRO ARTEIXO INNOVACION

RELGA N.º MU 2000 / 141
Avda. Arsenio Iglesias
Polígono de Sabón, parcela 46
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tels: 981 64 05 72
Fax: 981 64 11 66
Email: emprego@arteixo.org

Nº de postos: 1

Grupo e clasificación profesional: (artigo 22.1 do Estatuto dos Traballadores e Modificación do Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Arteixo, DOG nº 86, de 5 de maio de 2005): A2 (Grupo II).

Salario: O salario mensual a percibir polo traballador/a será o que lle corresponda por un contrato a xornada parcial de 5h/día para un posto comprendido no Grupo II.

Titulación mínima esixible: Título de nivel 2, equivalente ou superior, do Marco Español de Cualificacións para o Ensino Superior. Entenderase como equivalentes as Diplomaturas Universitarias.

Outros coñecementos: Coñecementos de galego.

Contido funcional:

- Desenvolver as accións de orientación e busca de emprego, determinación de itinerarios personalizados para a inserción laboral para os participantes do programa, así coma a impartición da formación necesaria na materia.
- Identificación de oportunidades de formación para o distintos itinerarios de inserción definidos para cada usuario, colaboración na busca de empresas para a realización de prácticas derivadas dos programas formativos.
- Planificar e guiar actuacións individuais e grupais de asesoramento e formación transversal dos/as participantes (obradoiros, dinámicas, sesións de adestramento en técnicas, habilidades e destrezas para a busca de emprego), no seu caso.
- Diseñar e desenvolver un programa de prospección do mercado laboral da contorna, captación de ofertas de emprego e de oportunidades laborais por conta allea propiciando o emparellamento entre as ofertas e os perfís dos usuarios do programa.
- Xestionar o espazo dixital de emprego do programa: difundir información sobre ofertas de traballo, oportunidades de formación e outras novas no eixo do emprego.
- Fomentar e captar oportunidades de emprego por conta propia e impulsar o xurdimento de iniciativas dentro dos colectivos. Apoiar o proceso de constitución da empresa, definición do modelo de negocio, a elaboración do plan de empresa e posta en marcha.
- Elaboración de informes e documentación necesaria para o desenvolvemento e xustificación das accións do programa.
- Xestión de expedientes individualizados e, en xeral, as medidas que se dirixan a mellorar as posibilidades de ocupabilidade e inserción das persoas beneficiarias do Programa Integrado para o emprego "Arteixo Integra 2017-2018".

Duración do contrato: do 1 de abril ao 30 de novembro de 2018.

Modalidade: a modalidade de contratación será a de laboral temporal por obra o servizo determinado a xornada parcial, ao abeiro do establecido no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores e no Decreto 2720/1998, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.



CONCELLO DE ARTEIXO

PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

CENTRO ARTEIXO INNOVACION

RELGA N.º MU 2000 / 141
Avda. Arsenio Iglesias
Polígono de Sabón, parcela 46
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telfs: 981 64 05 72

Fax: 981 64 11 66

Email: emprego@arteixo.org

TERCEIRA.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

Para poder tomar parte na presente convocatoria, os aspirantes deberán reunir, antes do remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG), permita o acceso ao emprego público.
- b) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, do título nivel 2, equivalente ou superior, do Marco Español de Cualificacións para o Ensino Superior. Entenderanse como equivalente as diplomaturas universitarias.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas (CCAA), nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fora sido separada ou inhabilitada.
No caso de persoal laboral, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou organos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas (CCAA), nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.
- d) No caso de nacionais de outros Estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- e) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- f) Estar en posesión das capacidade e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións e tarefas.
- g) Estar en posesión do CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelos antes do remate do prazo de presentación de instancias.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos previstos na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da Lingua Galega requirido ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto no segundo exercicio previsto da fase de oposición reflectido nas bases, e que cualificará ao/a aspirante como apto ou non apto.



CONCELLO DE ARTEIXO

PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

CENTRO ARTEIXO INNOVACION

RELGA N.º MU 2000 / 141
Avda. Arsenio Iglesias
Polígono de Sabón, parcela 46
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telfs: 981 64 05 72

Fax: 981 64 11 66

Email: emprego@arteixo.org

CUARTA.- SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse, conforme ó modelo que se achega como anexo, no Rexistro Xeral do Concello ou calquera dos rexistros establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante os **cinco días hábiles** seguintes ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Para poder ser admitido/a no proceso selectivo, deberá presentar orixinal ou copia da seguinte documentación:

1. Documento nacional de identidade ou acreditación do requisito de nacionalidade
2. Fotocopia da titulación esixida no apartado 3.b).
3. Declaración xurada de aceptar as bases e de cumprir os requisitos esixidos no apartado 3 das mesmas.
4. Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos dos mesmos. Non se valorarán os méritos que non estean debidamente acreditados dentro do prazo de presentación da solicitude.
5. Carta de pagamento de ter aboado os dereitos de exame nos servizos económicos municipais (tesourería) ou certificado do Servizo Público de Emprego (INEM) polo que se acredite a exención do pagamento de taxas por situación de desempregado de longa duración doce meses consecutivos inscrito como demandante de emprego ou certificado de minusvalía superior ao 33% (de conformidade ao establecido na ordenanza fiscal nº 11). En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación de instancia. Ademais, a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do/a aspirante.

Os dereitos de exame establécense en 30,20 €, e só serán devoltos a quen non fora admitido/a no proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos no epígrafe 3º das presentes bases, isto é, unicamente a aqueles/as aspirantes que resulten excluídos/as na listaxe definitiva.

Quedarán exentos/as do pagamento das taxas de dereito de exame, aqueles/as aspirantes que acrediten minusvalía e/ou situación de desemprego de longa duración (a tal efecto deberá achegarse xunto coa instancia o certificado de minusvalía superior ao 33% ou certificado do INEM de estar en situación de desemprego durante 1 ano ou máis tempo) segundo a ordenanza fiscal nº 11 do Concello de Arteixo.

6. As persoas discapacitadas deberán facelo constar nas súas instancias sinalando se precisan adaptación das probas. A condición de persoa con discapacidade acréditase coa certificación correspondente expedida polo órgano competente.

Dado o carácter urgente da convocatoria, os/as aspirantes que presenten a instancia por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro xeral do Concello de Arteixo, deberán remitir unha copia sellada da instancia ben por vía mail (persoal@arteixo.org) ou vía fax (número 981 60 24 17).



CONCELLO DE ARTEIXO

PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

CENTRO ARTEIXO INNOVACION

RELGA N.º MU 2000 / 141
Avda. Arsenio Iglesias
Polígono de Sabón, parcela 46
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telfs: 981 64 05 72

Fax: 981 64 11 66

Email: emprego@arteixo.org

QUINTA.-ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES

Listaxe provisional. Expirado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde-Presidente ou Concelleiro delegado ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas. En dita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Arteixo, indicaranse o nome, apelidos e DNI das persoas admitidas e excluídas, coas causas da exclusión, e concedendo un prazo de tres (3) días hábiles para a subsanación da documentación necesaria para participar no proceso. No caso de que non existan aspirantes excluídos/as, a lista de admitidos/as quedará aprobada definitivamente sen abrir o prazo de subsanación de documentación.

Só se terá en conta para a fase de concurso os méritos aportados dentro do prazo de presentación de solicitudes, non tomándose en consideración os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova documentación fora de prazo.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución de Alcaldía, aprobando a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as; na mesma, determinarase o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así coma a composición definitiva do tribunal. A referida resolución publicarase no Taboleiro de edictos e na páxina web municipal.

Listaxe definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións, o Alcalde-Presidente ou Concelleiro delegado ditará resolución na que se aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.arteixo.org). A admisión do/a aspirante e a súa inclusión na listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, queda condicionada ao cumprimento dos requisitos esixidos. Polo tanto, a comprobación en calquera momento do proceso, do non cumprimento dos requisitos esixidos conlevará a exclusión do/da aspirante. No caso de que non existan aspirantes excluídos/as, a lista de admitidos/as quedará aprobada definitivamente sen abrir o prazo de subsanación de documentación.

SEXTA: PROCESO SELECTIVO

O procedemento de selección efectuarase polo sistema de concurso-oposición e constará de dúas fases: fase de concurso de méritos e fase de oposición.

Fase de Concurso (máximo 7,5 puntos) na que se valorarán os seguintes méritos:

- **Servizos prestados** por conta allea como Técnico en tarefas relacionadas cos ámbitos do emprego: programas integrados de emprego, de orientación laboral, prospección laboral, intermediación, emprendemento, axentes de emprego e outros de similar identidade sempre que se encadren nas políticas activas de emprego implantadas polas diferentes administracións públicas.

Outorgarase puntuación ata un máximo de 4,5 puntos, a razón de:

- 0,10 puntos/mes completo, cando os servizos se prestasen para a administración pública.



CONCELLO DE ARTEIXO

PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

CENTRO ARTEIXO INNOVACION

RELGA N.º MU 2000 / 141
Avda. Arsenio Iglesias
Polígono de Sabón, parcela 46
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telfs: 981 64 05 72
Fax: 981 64 11 66
Email: emprego@arteixo.org

- 0,05 puntos/mes completo, cando os servizos se prestasen para empresa privada

Os servizos prestados acreditaranse mediante a certificación de servizos emitidos pola Administración Pública, ou ben mediante copia compulsada do correspondente contrato de traballo. En todo caso deberán ir acompañados do informe da vida laboral expedida pola Tesourería da Seguridade Social. Deberá quedar debidamente acreditado o posto de traballo concreto e as funcións desempeñadas.

Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

No caso que a relación fora funcionarial, deberán acreditarse os servizos mediante a resolución de nomeamento, a toma de posesión, e a certificación de vida laboral expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

Naqueles casos nos que da documentación anterior non se deduzca claramente as funcións desempeñadas, o aspirante poderá aportar a maiores, un certificado de empresa ou da administración pública correspondente no que se reflectan as funcións realizadas.

Non se terán en conta outras formas de acreditación dos servizos e, en ningún caso, un certificado de servizos prestados poderá substituír ao contrato de traballo ou a resolución de nomeamento e toma de posesión.

A documentación acreditativa dos servizos realizados deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitude, a documentación que se presente fora deste prazo será considerada achega de nova documentación fora de prazo e non se terá en conta.

– **Formación relacionada** por cursos de formación ata un máximo de 3.00 puntos:

Pola participación ou realización de cursos ou actividades de formación directamente relacionadas coas funcións ou tarefas do posto, en calidade de alumnado ou docente impartidas por Organismos Oficiais, conforme a seguinte escala:

- De 25 a 50 horas: 0,20 puntos.
- De máis de 50 horas ata 75 horas; 0,30 puntos
- De máis de 75 horas ata 100 horas: 0,50 puntos
- De máis de 100 horas ata 200 horas: 1,00 puntos
- De máis de 200 horas: 1,50 puntos

No caso de que a duración se estableza por créditos e non por horas, cada crédito equivalerá a 10 horas.

Os cursos alegados polos interesados acreditaranse mediante copia compulsada dos mesmos. Os cursos nos que non figure expresamente o nº de horas non serán obxecto de valoración.



CONCELLO DE ARTEIXO

PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

CENTRO ARTEIXO INNOVACION

RELGA N.º MU 2000 / 141
Avda. Arsenio Iglesias
Polígono de Sabón, parcela 46
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telfs: 981 64 05 72

Fax: 981 64 11 66

Email: emprego@arteixo.org

A documentación acreditativa da formación relacionadas deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitude, a documentación que se presente fora deste prazo será considerada achega de nova documentación fora de prazo e non se terá en conta.

Fase de Oposición (máximo 20 puntos): Terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

O primeiro exercicio consistirá na elaboración por escrito de un suposto ou contestación de preguntas, referidas ás actividades a desenvolver durante a execución de un Programa Integrado de Emprego, relacionado coas materias que se conteñen no seguinte temario, sen que teña que adaptarse ao contido dun tema específico:

1. Orde de 11 de xullo de 2017, pola que se establecen as Bases Reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia. Conceptos, entidade beneficiarias, obxectivos e destinatarios. Desenvolvemento e xustificación.
2. Prospección do mercado de traballo. Fontes e técnica para a captación de ofertas. Márketing directo. O mercado laboral na comarca, oportunidades e perspectiva de empregabilidade
3. Itinerarios personalizados de inserción laboral.
4. Ferramentas na procura de emprego: carta de presentación, curriculum vitae. O emprego nas redes sociais.
5. Variables profesionais determinantes do proceso de busca de emprego. Planificación e xestión do proceso de busca de emprego
6. Entrevista de selección. Definición. Obxectivos e tipoloxía

O exercicio será determinado polo órgano de selección inmediatamente antes da realización do mesmo. O tempo máximo de realización será de 90 minutos. Finalizada a proba escrita, o órgano de selección procederá a súa cualificación, na que se valorarán coñecementos dos/as candidatos/as, calidade do suposto presentado, capacidade para explicar e facer chegar os contidos do mesmo, así coma a claridade de exposición. Finalizada a proba escrita, o órgano de selección poderá, si o estima convinte citar aos candidatos individualmente para a lectura do seu proxecto ante o Órgano Seleccionador.

A proba cualificarase de 0 a 20 puntos, debendo obter para a súa superación unha puntuación mínima de 10 puntos.

Segundo exercicio: obrigatorio para os que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 4 ou equivalente).

Os/as aspirantes que non acrediten posuir, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de coñecemento do galego requirido, nos termos de previsto no apartado 3.g) das presentes normas, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega. Dita proba consistirá en traducir un texto (facilitado polo Tribunal, inmediatamente antes de celebrarse a proba), e sen axuda do dicionario, do castelán ao galego. Esta proba terá unha duración máxima de 30 minutos e cualificará aos/ás aspirantes como "apto" ou "non apto", correspondéndolle ao Tribunal determinar o nivel de



CONCELLO DE ARTEIXO

PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

CENTRO ARTEIXO INNOVACION

RELGA N.º MU 2000 / 141
Avda. Arsenio Iglesias
Polígono de Sabón, parcela 46
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telfs: 981 64 05 72

Fax: 981 64 11 66

Email: emprego@arteixo.org

coñecementos esixido para acadar o resultado de apto; quedando eliminado do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non acaden a cualificación de apto.

A puntuación final obterase sumando as puntuacións acadadas na fase de oposición e obtida na fase de concurso. No caso de empate na puntuación total do concurso-oposición terase en conta, a puntuación obtida na fase de oposición.

SÉTIMA-. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas. Ditos asesores colaborarán co órgano de selección unicamente no exercicio das súas especialidades técnicas, teñen voz e non voto.

O Tribunal de selección estará composta polos seguintes membros:

- Presidente (titular e suplente): funcionario/a do grupo A2 ou persoal laboral fixo grupo II-B.
- Vogais (3 titulares e 3 suplentes): funcionario/a do grupo A2 ou persoal laboral fixo grupo II-B.
- Secretario (titular e suplente): funcionario/a do grupo A2 ou persoal laboral fixo grupo II-B.

A composición nominativa do Tribunal (titulares e suplentes) determinarase na mesma resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

Os membros do Tribunal terán que absterse de intervir, notificando esta circunstancia ao Alcalde ou Concelleiro delegado, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público ou se encargaran das tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O Alcalde ou Concelleiro delegado poderá solicitar dos membros do Tribunal declaración expresa de non atoparse incurso na obriga de abstención regulada nesta base.

Os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias de abstención reguladas nesta bases.

O Tribunal non poderá constituírse sen a presenza, polo menos, do presidente, o secretario e un vogal. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do presidente.

Todos os membros do Tribunal de selección terán voz e voto. O Tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e a normativa aplicable. O procedemento de actuación do Tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO DE ARTEIXO

PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

CENTRO ARTEIXO INNOVACION

RELGA N.º MU 2000 / 141
Avda. Arsenio Iglesias
Polígono de Sabón, parcela 46
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telfs: 981 64 05 72
Fax: 981 64 11 66
Email: emprego@arteixo.org

OITAVA: RELACIÓN DE APROBADOS

A puntuación final de cada aspirante estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas en cada apartado do concurso-oposición. O Tribunal publicará na paxina web do Concello (www.arteixo.org) o resultado do concurso-oposición, ordenando aos aspirantes por orde de puntuación. No caso de producirse empate na puntuación final, a orde na relación farase de acordo cos seguintes criterios de aplicación sucesiva no caso de persistir o empate: maior puntuación na fase de oposición, maior puntuación no apartado de experiencia profesional da fase de concurso. Se persistira o empate a orde establecerase por orde alfabética do primeiro apelido, dando comezo pola letra que resulte do último sorteo anual que no ámbito da Administración Xeral do Estado, efectúa a Secretaría de Estado para a administración pública.

O/a aspirante coa maior puntuación sera o proposto/a para contratación, establecéndose unha listaxe de todos/as os/as aspirantes segundo orde de prelación das cualificacións totais.

O Tribunal poderá determinar unha listaxe de reservas dos/as aspirantes que non acadaran a maior puntuación coa finalidade de cubrir rexeitamentos, baixas e outras vacantes temporais de natureza similar e/ou os posibles empregos temporais no desenvolvemento de dito programas.

NOVENA.- PUBLICIDADE DO PROCESO SELECTIVO

As bases máis o anuncio da convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Arteixo.

Os sucesivos anuncios referentes a este proceso selectivo serán publicado unicamente na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Arteixo.

Así mesmo, poderase obter información en relación con estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e das actuacións do tribunal, o servizo de RRHH do Concello de Arteixo.

DÉCIMO PRIMEIRA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E RESOLUCIÓN DE CONTRATACIÓN

O/a candidato/a seleccionado terá que presentar no departamento de Persoal do Concello de Arteixo, dentro dos tres días hábiles a partir da publicación da lista co resultado do proceso na páxina web, para poder ser contratado como persoal laboral temporal, os seguintes documentos:

- Orixinal ou fotocopia compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de nacionalidade e titulación.
- Certificado médico, no que se acredite non estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto.
- Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administración.
- Orixinais ou fotocopias compulsadas da documentación acreditativa dos méritos alegados.



CONCELLO DE ARTEIXO

PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

CENTRO ARTEIXO INNOVACION

RELGA N.º MU 2000 / 141
Avda. Arsenio Iglesias
Polígono de Sabón, parcela 46
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telfs: 981 64 05 72

Fax: 981 64 11 66

Email: emprego@arteixo.org

O/a candidato/a seleccionada/o será contratada/o previa resolución do Alcalde ou Concelleiro/a delegado.

Se non se presentase a documentación ou do exame da mesma se observase que se carece dalgún dos requisitos sinalados na base cuarta, non poderá procederse a súa contratación e quedarán anuladas a súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tiveran incorrido por falsidade na solicitude inicial.

No caso de que a/o candidata/o seleccionada/o non poda ser contratada/o por non ter presentado a documentación requirida, ou no caso de que o posto quedara baleiro antes da finalización da actividade, poderase proceder de acordo co establecido nesta base á contratación doutro aspirante, seguindo a orde do proceso selectivo de acordo coa relación de aspirantes publicada polo Tribunal de selección na paxina web do Concello (www.arteixo.org).

DÉCIMO SEGUNDA: BASE FINAL

Estas bases, a presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal de selección poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



CONCELLO DE ARTEIXO

PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

CENTRO ARTEIXO INNOVACION

RELGA N.º MU 2000 / 141
Avda. Arsenio Iglesias
Polígono de Sabón, parcela 46
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telfs: 981 64 05 72
Fax: 981 64 11 66
Email: emprego@arteixo.org

MODELO DE INSTANCIA

D/Dª con DNI núm.:.....
Con endereço.....C.P..... Localidade.....
e teléfono de contacto e e-mail.....

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria do proceso selectivo para contratación laboral temporal do posto de

TÉCNICO MEDIO DE INSERCCIÓN/PROSPECCIÓN DE EMPRESAS,

e declarando explícitamente coñecer e aceptar as bases reguladoras da convocatoria, cumprindo os requisitos de acceso da base 3ª

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación: (marcar cun **X**)

- DNI (copia)
- Titulación de acceso (copia)
- Relación dos méritos e fotocopia compulsada dos documentos xustificativos
- Taxas dereito exame (copia, certificación de desemprego de longa duración ou certificado de minusvalía)

SOLICITA:

Sexa admitida esta instancia para participar no proceso selectivo referido.

Data, DNI e sinatura do/a aspirante:

AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO